

PROGRAMA

09:00 – 09:30 **RECEPCIÓN.** Entrega de Documentación.

09:30 – 10:00 **APERTURA DO EVENTO**

10:00 – 10:50 **RELATORIO**

"A importancia dos pais e nais na práctica deportiva dos seus fillos". Doutor Manuel Isorna Folgar.

11:00 – 11:50 **RELATORIO**

"A relación entre a importancia do movemento en xoves deportistas e a aprendizaxe". Doutor Víctor Arufe Giráldez

12:00 – 12:30 **DESCANSO**

12:30 – 13:20 **RELATORIO**

"A importancia da alimentación nos deportistas". Doutor José Luís García Soidán.

13:30 – 15:30 **XANTAR**

15:30 – 16:20 **RELATORIO**

"A atención urxente na actividade física e no deporte. Habilidades e primeiros auxilios para salvar vidas". Doutor Roberto Barcala Furelos.

16:30 – 17:20 **RELATORIO**

"A complexidade de ser un talento deportivo: as fases sensibles do adestramento en idades temperás". Doutor Óscar García García.

17:30 – 18:00 **DESCANSO**

18:00 – 19:30 **OBRADOIRO PRÁCTICO**

OPCIÓN A: "Conceptos básicos de primeiros auxilios no deporte". Doutor Roberto Barcala Furelos.

OPCIÓN B: "Desenvolvemento da forza en idades temperás". Doutor Óscar García García.

19:30 – 21:00 **MESA REDONDA**

"O desenvolvemento integral do deportista".

21:00 **CLAUSURA**

DESTINATARIOS

O Seminario Galego de Deporte Base Concello de Rianxo está destinado a estudantes e profesionais de ciencias do deporte, adestradores, monitores, técnicos de entidades deportivas, así como xestores de concellos, clubs ou federacións, pais, nais e público en xeral.

INSCRICIÓN

A Asistencia ao Seminario é totalmente gratuíta ata cubrir as prazas existentes.

O prazo de inscrición pecharase ao completar prazas ou o día 9 de Outubro como data límite.

Para inscribirse, é preciso cumplimentar o formulario que atoparás na páxina web do Seminario:

www.formacionbase.com



Seminario Galego
Deporte Base
Concello de Rianxo

A través
dunha
Axuda de



iniciativa xove



Colabora





Manuel Isorna Folgar

"A importancia dos pais e nais na práctica deportiva dos seus fillos"

A actividade deportiva pode chegar a ser moi beneficiosa se a rodeamos das circunstancias precisas para elo. Cando se fala do termo deporte, hai que ter en conta os axentes sociais que inflúen en toda práctica da actividade física, xa sexan técnicos deportivos, compañeiros ou pais e nais. Máis aínda, se falamos de deporte nas crianzas, os axentes sociais cobran unha especial relevancia na súa actividade deportiva. Neste sentido, son moitos os autores que coinciden en que os proxenitores son un dos axentes de socialización de maior influencia nos nenos e nenas, tamén dentro do entorno deportivo.



Víctor Arufe Giráldez

"A relación entre a importancia do movemento en xoves deportistas e a aprendizaxe"

Os últimos estudos no ámbito da neuroeducación apuntan ao exercicio físico como un dos piares, xunto coa emoción, curiosidade/sorpresa e diversión, para a mellora da motivación do alumnado, coa fin de favorecer a consolidación do coñecemento e a adquisición da aprendizaxe. As crianzas que practican regularmente exercicio físico son máis espertas cognitivamente, capaces de resolver mellor os problemas, xerar tempos de toma de decisións máis curtos e desenvolver a memoria.



Roberto Barcala Furelos

"A atención urxente na actividade física e no deporte. Habilidades e primeiros auxilios para salvar vidas"

Ao realizar calquera tipo de actividade física, deporte ou exercicio, sempre é posible que se produza algún tipo de accidente ou continxencia inesperada, que pode provocarnos situacións desagradables. O obxectivo deste relatorio é proporcionar a todo colectivo que realiza actividade física ou deporte, e a todos aqueles que non o practican, uns coñecementos elementais para poder dispensar unha axuda eficaz a calquera persoa que poida sufrir un accidente.



José Luís García Soidán

"A importancia da alimentación nos deportistas"

No momento actual existe unha gran cantidade de información sobre a alimentación no deportista, moita dela non se encontra ben contrastada, por elo, o obxectivo do relatorio será esclarecer as bases científicas da alimentación adecuada para o deportista, desterrando alimentos e dietas sen ningunha base científica, e tentando establecer uns hábitos alimenticios correctos para os deportistas dende nenos ata adultos.



Óscar García García

"A complexidade de ser un talento deportivo: as fases sensibles do adestramento en idades temperás"

O talento e a súa identificación, selección, predición do rendemento... As necesidades de cumprir as etapas, as fases sensibles dos adestramentos, que deben de ser desenvolvidas independentemente de si o neno ou nena amosa certo talento nunha determinada disciplina deportiva. Os principios pedagóxicos do adestramento claves nestas etapas.

O SEMINARIO E O DEPORTE BASE

No deporte base, non só se aprende a practicar un deporte, senón que ademais é un importante transmisor de valores sociais. Valores coma o traballo en equipo, a cooperación, o liderazgo, a disciplina, o compromiso, o afán de superación, os logros persoais, a xestión do éxito, o autocontrol... Doutro xeito, o deporte en sí mesmo sería un recipiente baleiro. Son os adestradores, monitores, xestores, pais e nais, os que lle deben dar forma e significado.

Sabemos que non todos os clubs modestos teñen a posibilidade de contratar a profesionais no campo do adestramento base, e que moitos están exercendo esas funcións coa mera experiencia que lle outorgan os anos vinculados ao deporte.

Por iso plantexamos levar a cabo un Seminario de Deporte Base para ofrecer unhas xornadas de formación non formal, a través de charlas e conferencias, para achegar a estas persoas os coñecementos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo nunhas condicións óptimas.

En todo caso, a finalidade última non é outra que o desenvolvemento integral da persoa a través do deporte.